

CURSOS FORMACIÓN SOCORRISMO

Academia Galega de Seguridade Pública

Publicáronse estas dúas resolución para convocar cursos de reciclaxe e de adaptación en baseas modificacións publicadas no DECRETO 152/2021, de 21 de outubro, que regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma Galicia. **DOG Nº25, 7 DE FEBREIRO.**

CURSOS DE RECICLAXE DE SOCORRISMO ACUÁTICO.

Obxecto:

Actualizar a formación necesaria para a renovación da inscrición no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia.

- Reciclaxe de socorrismo en instalacións acuáticas.
- Reciclaxe de socorrismo en espazos acuáticos naturais.

Destinatarios: Persoas inscritas no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia que estean obrigadas a renovar a inscrición antes do 31 de decembro de 2022. Non obstante, poderanse inscribir aquelas que teñen que renovar a inscrición con posterioridade á data sinalada, pero só serán seleccionadas no caso de existiren prazas vacantes.

Solicitudes:

O persoal que desexe participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubriro formulario de matrícula telemática dispoñible na páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>); non se admitirá ningunha outra forma ou modelo de solicitude.

Prazo de inscrición :

O prazo de inscrición será de dez (10) días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Mais información:

RESOLUCIÓN do 4 de febreiro de 2022 pola que se convocan cursos de reciclaxe de socorrismo acuático, válidos para a renovación da inscrición no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220207/AnuncioO3C2-290122-0002_gl.html

CURSOS DE ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA AO SOCORRISMO EN INSTALACIÓNS ACUÁTICAS (CAFDO-IA) E EN ESPAZOS ACUÁTICOS

Obxecto:

Obter a formación necesaria para a inscrición no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia.

Destinatarios/as:

Licenciados/ as ou graduados/as en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e técnicos/ as superiores en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, co obxectivo de acadar a formación mínima que deben reunir os/as socorristas acuáticos/as para o seu exercicio profesional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa inscrición no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia.

Solicitudes:

O persoal que desexe participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática dispoñible na páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>);

Prazo de inscrición :

O prazo de inscrición será de dez (10) días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Mais información

RESOLUCIÓN do 4 de febreiro de 2022 pola que se convocan cursos de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas (CAFDO-IA) e en espazos acuáticos naturais (CAFDO-EAN), para licenciados/ as ou graduados/as en Ciencias da Actividade Física e o Deporte e técnicos/ as superiores en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, co obxectivo de acadar a formación mínima que deben reunir os/as socorristas acuáticos/as para o seu exercicio profesional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa inscrición no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220207/AnuncioO3C2-290122-0001_gl.pdf.